

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CMUS PROFESIONAL DE OURENSE
CURSO : 1º GRAO ELEMENTAL ELEM ATA 6º G. PROFESIONAL
MATERIA: VIOLA
DEPARTAMENTO: CORDA FRICCIONADA
DATA: 7 / MAIO / 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Avaliación e cualificación.

**2. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre
(recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso
ampliación)**

3. Información e publicidade.

1. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>PROCEDEMENTOS:</p> <p>O profesor ten no seu caderno os datos das dúas primeiras avaliacións, e recollerá un resumo do traballo realizado en cada unha das sesións de clase efectuadas (por medios telemáticos) durante este tempo. En dito caderno quedará reflectido o cumprimento, ou non dos obxectivos da 1º e 2º AVALIACIÓN.(Se non se cumpren, os obxectivos da 3ª recupéranse no curso seguinte.) Tamén se analizarán as gravacións (audios e videos) enviados polos alumnos.</p>
	<p>Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Caderno do profesor que inclue todas as anotacións efectuadas ao longo do curso • Audicións • Gravacións • Videos
Cualificación final	<p>A cualificación final está baseada nas cualificacións obtidas nas avaliacións anteriores, e o traballo realizado durante este Terceiro trimestre só terá carácter sumatorio. A nota final resulta do desglose dos seguintes aspectos: INTERPRETACIÓN 30% TÉCNICA 30% ACTITUDE E INTERESE NAS CLASES 20% AUTONOMÍA NO ESTUDIO INDIVIDUAL 20%</p> <p>Elaborarase un INFORME a final de curso , para TODOS OS ALUMNOS, con independencia da súa cualificación.</p>
Proba extraordinaria de setembro	<p>Os alumnos que ao final de curso non consigan acadar unha cualificación positiva, terán dereito a presentarse ás probas extraordinarias de setembro. En estos casos o prof titor entregará ao alumno un informe de avaliación negativo. No informe, ademáis de expoñer os obxectivos non acadados, indicará o traballo que deberá vir resolto, e detallando os estudos e obras requeridos.</p> <p>(baseado na metodoloxía e bibliografía orientativa)</p>

Alumnado de materia pendiente	Criterios de avaliación: Os alumnos deberán interpretar correctamente o repertorio traballado nas avaliacións 1º e 2º (presenciais), de acordo cos aspectos técnicos e musicais que figuran na programación.
	Criterios de cualificación: A cualificación efectuarase seguindo os mesmo criterios expostos con anterioridade
	Procedementos e instrumentos de avaliación: Valoración da interpretación, según os aspectos recollidos nos criterios de cualificación.

2. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	<ul style="list-style-type: none">• Haberá sesións de clases telemática (cuando o Profesor e máis o alumno dispoñan de medios), e envío de gravacións por parte dos alumnos, que serán revisados polo profesor , e comentados ao alumno• Titorías virtuais todas as semanas (por vídeo chamadas)• Dudas por whatsapp ou medios similares• Vídeos titoriais , etc.• Anotacións e explicacións a través das propias partituras
Metodoloxía (alumnado con conectividade , e sen conectividade)	<p>Os profesores de esta especialidade puxéronse en contacto cos alumnos mediante video conferencias a través de Google Duo, Hangouts, Cisco Webex, Whatsapp, Zoom.</p> <p>Videos do profesor a través de Youtube e gravacións en audio a través de whatsapp.</p> <p>Acompañamentos de piano “midi”, e gravacións feitas polo pianista acompañante.</p> <p>Power Points con información sobre obras.</p> <p>Correo electrónico e whatsapp para envío de partituras.</p> <p>Corrección de partituras a través de PDF.</p> <p>Gravacións dos alumnos para enviar as correccións.</p>
Materiais e recursos	<p>Facer vídeo clases por Skype ou similar. Envío de audios feitos polo profesor para que o alumno os imite. Envío de partituras por correo electrónico. Envío de enlaces de vídeos de Youtube, etc,todo o que permita a conectividade do alumno</p>

